

As propostas da patronal de clasificación profesional e salarial son insuficientes ao non dar resposta ás reivindicacións da parte social

Información da 6ª e 7ª mesa negociadora do XV convenio no sector da discapacidade (27 xuño e 9 de xullo)

A CIG-Ensino lamenta que as demais OO.SS rompesena unidade sindical e a plataforma reivindicativa conxunta acadada en abril, coa dobre finalidade de mobilizar o sector e logramos un convenio digno e xusto

Logo de 3 meses de paralización das negociacións do XV Convenio Estatal de Atención ás Persoas con Discapacidade, pola patronal non facer os seus deberes e manterse nun inmovilismo total (ao que as OO.SS. respostamos con mobilizacións conxuntas o 10 de abril - por iniciativa da CIG-Ensino, pois xa as comenzáramos o 21 de marzo en solitario), as patronais AEDIS - FEACEM presentan unha proposta global e de Clasificación Profesional e Salarial, “na mesma mesa”, que pasamos a reproducir:

1º - Proposta Clasificación profesional. Propoñen aglutinar os distintos postos/categorías profesionais en só 6 grupos ou niveis retributivos. Todas as OO.SS. opinamos que parece axeitada e positiva pola simplicidade á que se pasa na mesma. Desde CIG-Ensino, fomos críticos por non tela mandado por correo con anterioridade para estudala e avanzar, pois precisamente a mesa do 5 de abril desconvocouse por non tela mandado en tempo e forma. Tamén nos parece impresentable que os asinantes do XIV convenio a tivesen antes achegada pola Comisión Paritaria dos “asinantes”, a cal non é unha mesa de negociación.

2º - Proposta salarial. A parte de ser confusa e liosa, desde a CIG-Ensino valorámola de temeraria, insuficiente e discriminatoria, pois só se farían subas salariais en 2019 (que van do 4% ao 15% -algunha 23% -, dependendo da categoría profesional, polo acomodo do salario dentro do grupo no que se encadre cada categoría e coa premisa de que os salarios máis baixos sexan os que máis suban)



cargándose a retroactividade das táboas de 2017 e 2018, que quedarían conxeladas nas de 2016, e as do 2020 e 2021 tampouco sufrirían modificacións, quedando conxeladas as de 2019. Ademais neste acomodo entraría a “pérdida do CDP” que se viñera percibindo até agora, por ser compensable e/ou absorbible. Ás demais OO.SS valeríalles sempre que se cumprisen as porcentaxes de suba do IV Acordo AENC (entre a patronal e CCOO - UGT, os famosos “pactos sociais”, que tanto empobreceron os salarios), é dicir, un mínimo do 2% por ano e até un 3% “segundo variables”.

A CIG-Ensino reivindicou que debería recoller, tal e como acordáramos na “plataforma social conxunta” (da que pronto se esqueceron CCOO e UGT... Voltarán acaso a asinar un mal convenio??) a recuperación do IPC dos seguintes anos en vigor deste XV convenio, con cláusula de revisión salarial. A patronal propuxo introducir un texto, que mandará para a próxima reunión, recollendo esta última petición nosa.

O que valoramos positivamente foi a supresión do CDP, enterrando así as avaliacións. Nós aquí reivindicamos en mesa voltar aos trienios, pero as demais OO.SS aceptan nun principio o novo NIVEL DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL (NDP) proposto pola patronal, coa obriga de facer horas formativas (75h. por ano, laborables). O que entendemos inaceptable todas as OO.SS. é que voltemos a un novo período baleiro e sen cobrar entre o cambio de Complementos, tal cal pasara no cambio de Trienios ao CDP (tanto contratados antes coma despois do 01/01/2016). Tamén entendemos que este novo complemento non pode quedar limitado a só 2 niveis (na 1ª reunión propuxeran tres...??), quedando logo extinguido ou a expensas de ser negociado nun novo convenio (pois propoñen o N1 en 2019 e o N2 en 2022, xusto ao remate da vixencia do XV convenio, agás os contratados/as despois do 2016 que comezarían os NDPs en 2022). A CIG-Ensino non asinará nin unha soa involución neste dereito da antigüidade, esperemos que os demais sindicatos non o permitan tamén, pois xa co CDP do XIV convenio vos venderon, e de que maneira!!

O novo complemento de Coordinación pareceunos correcto, consistente en 100€ ou 175€ mensuais, segundo o tempo destinado ó labor de coordinar sexa a xornada parcial ou total, respectivamente. Tamén propuxeron novas no de Dirección (pasa a 250€). Desde a CIG-Ensino reivindicamos outros

como perigosidade, toxicidade e penosidade. Tamén o do 7% do salario cada 12 anos traballados na empresa.

Desde a CIG-Ensino reivindicamos que estas propostas se apliquen tamén aos centros educativos no persoal sen pago delegado (pois o outro xa está amarrado cos PXE, Presupostos Xerais do Estado). Aquí respostaron as patronais destes centros que eles “non o poden asumir ao ser prisioneiros dos orzamentos e non poder cobrar por outros conceptos”. Valeríalles recollendo que deberían ser asumidos pola administración nas partidas “outros gastos” para aceptar as subas salariais (ao que respostamos que “iso non o íamos asumir a parte social”) e propuxeron a presentación dun escrito conxunto, de patronais e sindicatos para solicitar á Ministra de Educación un incremento dos módulos de concerto aos centros educativos de E.E. e “que unha parte deste incremento sexa destinado a sufragar estes incrementos salariais”. As demais OO.SS. manifestáronse partidarias de asinalo con matices. Nós formulamos que os escritos sexan por separado, pois a parte social debe priorizar calquera suba nos módulos dos concertos “a garantir os salarios dos traballadores/as”, ademais de que “todos deberían pasar a pago delegado”. Finalmente deixouse pendente para setembro o escrito e mandarán nova proposta.

NOVAS	NOVO		2019	2022	
CATEGORÍAS	SB	n1	SB+N1	n2	SB+N1+N2
		7,5%		5,5%	
TÍTULO MÁSTER	1.735,00 €	130,13 €	1.865,13 €	95,43 €	1.960,55 €
TÍTULO GRAO	1.330,00 €	99,75 €	1.429,75 €	73,15 €	1.502,90 €
T. SUPERIOR	1.225,00 €	91,88 €	1.316,88 €	67,38 €	1.384,25 €
TÉCNICO	990,00 €	74,25 €	1.064,25 €	54,45 €	1.118,70 €
T. AUXILIAR	880,00 €	66,00 €	946,00 €	48,40 €	994,40 €
OPERARIO ?	850,00 €	63,75 €	913,75 €	46,75 €	960,50 €
OPERARIO ED ?	773,00 €	57,98 €	830,98 €	42,52 €	873,49 €

- Todo o persoal contratado ata 31/12/2015 acomoda ao novo SB + N1 E COMPENSASE O CDP que tivera.
- Todo o persoal con contrato a partir 1/01/2016 acomoda a SB SOLO E REABSORVESELLE O CDP que tivera, comeza N1 en 2022
- Duracion das táboas 2019-2021

RESUMO PROPOSTA SALARIAL E DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

		CATEGORIA ACTUAL	SALARIO ACTUAL	SALARIO ACOMODO	DIFERENZA SUBA SALARIAL	PORCENTAXE SUBA
PERSOAL TITULADO		Xefe/a admon	1.340	Pendente Clasificar		
		Xefe/a produción	1.333			
	Titulado/a Máster (1.674,84)	Titulado/a Grao Superior ou Posgrao	1.675	1.735	60	104%
		Psicólogo	1.675	1.735	60	104%
Grupo titulación de Grao (1.370)	Titulado/a Grao Medio ou Grao	1.234	1.330	96	108%	
	Traballador/a social Terapeuta Ocupacional Logopeda Fisioterapeuta Educador/a Social Diplomado/a Enfermería Psicomotricista					
PERSOAL TÉCNICO	Técnico Cualificado (1.157)	Encargado de Taller (3)	1.145	1.225	80	107%
		Monitor/a Educador/a (3) Preparador/a Laboral (3) Intérprete de linguaxe de signos (3) Técnico de integración social (3) Profesor/a de Taller (3)	1.157	1.225	68	106%
		Técnico de Xestión Admon (3)	1.199	1.225	26	102%
		Técnico especialista (3)	1.073	1.225	152	114%
		Gobernante Xefe de cociña	994	1.225	231	123%
		Adxunto de produción	1.249	1.225	-24	Complemento de coordinación
		Xefe 1ª administración	1.256	1.225	-31	
		Cociñeiro (2)				
	Condutor (2)	853	990	137	116%	
	Oficial 1º admon	900	990	90	110%	
	Oficial 2º admon	861	990	129	115%	
	Oficial 1º oficios	906	990	84	109%	
	Oficial 2º oficios	853	990	137	116%	
	Técnico especialista (950)	Coidador/a (2) Auxiliar Enfermaría (2) Asistente persoal (2)	911	990	79	109%
		Oficial especialista(2)	906	990	84	109%
		Auxiliar de xestión administrativa (2)	805	880	75	109%
		Axudante de cociña (1)	745	880	135	118%
		Auxiliar de servizos xerais (1)	809	880	71	109%
	Técnico (875)	Persoal de servizos domésticos	723	880	157	122%
		Auxiliar especialista (1)	744	880	136	118%
OP	Operarios	Operario	736	850	114	115%
		Operario ED	736	773	37	105%

3º - Proposta resto do articulado do convenio. A patronal neste punto segue a manterse inmovilista, pois propuxo como proposta global:

- Facer as adaptacións legais a todo o articulado, segundo a norma vixente. Retirarían a proposta involucionista dos contratos de formación e de aprendizaxe.- Revisar os permisos retribuídos con “alguna mellora”... (o caramelo ¿?).

- Manter os saltos entre salarios actual no caso de que o SMI medre por enriba dos salarios acordados no convenio. Aquí propuxemos todas as OO.SS non vincular salarios ao SMI, ou que non se deben de compensar e/ou absorber os complementos deste Convenio no SMI, ao incrementarse este.

- Resto de articulado deixalo tal cal está.

A resposta da parte social neste punto foi moito máis dispar, ao confirmarse as claras ganas de romper a “unidade sindical” e moito máis por parte de CCOO (maioritaria nesta mesa), amosando dinámicas e reproducindo situacións de negociacións previas na Paritaria e fóra de mesa, que parecían esquecidas e cun total entreguismo e sumisión ás patronais maioritarias.

Un exemplo moi claro foi o tema da Xornada, pois desde a CIG-Ensino, fomos os únicos que nos mantivemos, como recollía a plataforma social, na defensa dunha redución da xornada a 37,5h. por semana (e facer unha adaptación real á xornada anual que lle corresponda) tanto nos centros de atención especializada, centros especiais de emprego e persoal de administración e servizos dos centros educativos; o resto de persoal dos centros educativos igual que no ensino concertado. Ademais reivindicamos a retirada da bolsa de horas do 10% da xornada que tan lesiva foi nestes anos do XIV convenio. As demais OO.SS limitáronse a solicitar a retirada da bolsa de horas e adaptar a xornada semanal á anual pois esta está sobredimensionada. Na 7ª mesa incluso lles valía con deixar en 1700h. a xornada máxima anual no convenio para os traballadores/as que estaban por enriba das mesmas, e sen máis. A patronal propuxo deixar logo a xornada tal cal estaba, deixando caer que en caso de recortala nos termos solicitados (refírense ás 1700 e a bolsa de horas) sería sacando a referencia da xornada semanal do convenio e así ter a flexibilidade que tanto levan solicitando. Deixouse pendente para setembro. Para a CIG_Ensino esta proposta é inasumible.

No tema de permisos retribuídosas demais OO.SS limitáronse a pedir un novo para visitas médicas “cunha bolsa de 16h. laborais anuais”. Desde a CIG-Ensino entendíamos que non debía estar limitado e a maiores debía recollese outro para xestións administrativas (DNI, catástrofes, titorías,...). Ademais hai que recuperar os 6 días de asuntos propios, así como recoñecer os días do resto de permisos como laborables (sentenza supremo). En canto á I.T. (incapacidade temporal) tamén reivindicaron unhas mínimas melloras sobre o que hai no convenio actualmente, pero sen reivindicar, como a CIG, a reversión ao mes co complemento do 100% en calquera baixa como viña no XIII convenio, así como o recoñecemento dun cadro de enfermidades profesionais.

As demais OO.SS. falon doutros temas como a concreción do calendario laboral e o crédito de horas para os delegados de prevención. Logo tratouse tamen das horas extras, nocturnas e festivasen concretar nada pois a patronal pechouse en banda de non tocar nada máis do convenio. Desde a CIG-Ensino reivindicamos outros temas da nosa plataforma como o complemento do 7% do salario por cada 12 anos na empresa, redución de xornada para maiores de 55 anos, melloras nas excedencias, vacacións,...que tiveron a mesma sorte que as anteriores reivindicacións. Deste xeito, pendentes de “negociar” as propostas anteriores de salarios e clasificación profesional, así como a xornada laboral, chegaron, “os demais”, aos seguintes acordos:

1 - Bolsa anual de 16h de permisos retribuídos para visitas médicas (propias e de familiares) e asistencia a titorías de fillos/as.

2- IT ao 100% para enfermidades graves recollidas nos Reais Decretos 1148/2011 e 2210/1995. Complemento do 100% para a primeira baixa do ano por enfermidade común para o resto segundo o convenio actual.

3 - Obriga de fixar o calendario laboral antes do 15 de xaneiro de cada ano.

4- O crédito horario dos delegados/as de prevención será independente do asignado ao da Representación Legal dos Traballadores/as.

Acordouse marcar a seguinte mesa de negociación para o 17 de setembro, na que a CIG-Ensino se manterá firme na defensa dos dereitos das traballadoras, sen concesións.